

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 17 DE XANEIRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se crea e regula o Comité de Coordinación da Rede de reservas da biosfera de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xinzo de Limia de varios treitos de estradas.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de infraestruturas educativas 2016-2021 e se dá conta do balance de execución das obras realizadas no período 2016-2018.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación suxeita á regulación harmonizada para o servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 116/2018). Orzamento total: un millón cento setenta mil catorce euros con corenta céntimos (1.170.014,40 €). Valor estimado: nove millóns novecentos trinta e nove mil douscentos oitenta e tres euros con vinte céntimos (9.939.283,20 €).



## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe de seguimento dos procesos de reordenación das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial (Galicia Investe), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a Estratexia de turismo enogastronómico de Galicia: Galicia sabe.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a orde de axudas para a creación de superficies forestais cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a Orde de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convoca para o ano 2019 o dito procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto.



## MEDIO AMBIENTE CREA O ÓRGANO PARA COORDINAR E XESTIONAR O TRABALLO NA TOTALIDADE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se crea e regula o Comité de Coordinación da rede que conforman as seis reservas da biosfera que na actualidade existen en Galicia*
- *O obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural, co fin de poñelas en valor como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación*
- *Entre as súas funcións destaca a elaboración de propostas sobre accións de investigación, coñecemento e sensibilización, e a actuación como foro de encontro e multidisciplinar, para establecer contactos con outras redes de reservas*
- *Será unha función propia propoñer a designación de novas reservas da biosfera de Galicia, ou a modificación das existentes, así como emitir informe con carácter previo sobre as propostas de designación de novas reservas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o decreto polo que se crea o Comité de Coordinación da Rede de reservas da biosfera de Galicia, un órgano colexiado ao que corresponde o asesoramento e a coordinación para a xestión da Rede de reservas da biosfera de Galicia, creada polo Decreto 95/2017, do 21 de setembro.

O obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural das diferentes reservas da biosfera que existen na rexión, co fin de poñelas en valor como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación. As reservas da biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Na actualidade, Galicia conta con seis reservas da biosfera, que en total suman 77.834,3 ha, das que dúas, a do Xerés- Geres e a do río Eo, Oscos e Terras do Burón, son coxestionadas pola Xunta de Galicia con Portugal e co Principado de Asturias, respectivamente.

As outras catro reservas son a Reserva de Biosfera Terras do Miño (Lugo), a primeira reserva declarada en Galicia e a sexta máis grande en extensión de España; a Reserva de Biosfera Área de Allariz (Ourense), formada por unha ampla depresión morfotectónica por onde discorre o río Limia, rodeada dun rebordo montañoso do que destaca na súa parte norte o macizo granítico de Allariz, por onde discorre encaixado o río Arnoia. É a segunda reserva de biosfera declarada no territorio galego.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

A terceira das reservas da biosfera recoñecida en Galicia é a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (Lugo), que destaca desde un punto de vista bioxeográfico, dado que nela se atopa o límite entre dúas rexións, o extremo suroccidental da rexión Eurosiberiana e a rexión Mediterránea; e -por último- a Reserva de Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (A Coruña), situada no noroeste da Comunidade Autónoma galega, dentro da provincia da Coruña, entre as rías do Burgo e Betanzos, conformado polas bacías dos ríos Mero e Mandeo.

Actualmente, trabállase na elaboración da candidatura para a declaración da sétima reserva, que sería a da Ribeira Sacra.

### **Funcións do Comité**

Entra as funcións que terá o dito comité de coordinación está a emisión de informes e efectuar propostas neste eido de actuación, así como fomentar o traballo en rede, propoñendo proxectos que se poidan levar a cabo en todas as reservas da biosfera e a elaboración de propostas sobre accións de investigación, coñecemento, sensibilización e divulgación e promover o coñecemento e a difusión dos valores da reservas.

Así, os obxectivos que se perseguen son a creación de novos vínculos entre as reservas da biosfera declaradas en Galicia e o reforzamento dos xa existentes, propiciando a colaboración entre todas as reservas integrantes da Rede e fomentando a súa colaboración na realización de proxectos comúns, é dicir, actuar como foro de encontro interdisciplinar e establecer contactos con outras redes. Ademais, coordinará a información e axudará na elaboración de proxectos europeos estatais ou rexionais de financiamento específico.

Tamén será da súa competencia emitir informe, con carácter previo, sobre as propostas de designación de novas reservas da biosfera, e propoñer a designación destas ao titular da consellería con competencias en materia de conservación da natureza.

Nese sentido, preténdese reforzar e pór en valor as Reservas da Biosfera de Galicia, como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, así como promover o coñecemento e a difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia.

### **Orde de axudas**

Cómpre recordar que as reservas da biosfera comprenden unha zona protexida, a zona núcleo, e unha zona que non conta cun réxime de protección adicional e na cal, polo tanto, é posible levar a cabo un desenvolvemento económico do espazo.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Así, co obxectivo de impulsar e potenciar o funcionamento das reservas e da súa rede, a Consellería de Medio Ambiente convocará unha orde pola que se establecerá unha liña de axudas para estudos e investimentos vinculados ao mantemento, á recuperación e á rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica dentro desta rede de reservas de la Biosfera de Galicia. A estas actuacións, que serán cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), destinaranse 600.000 euros.



UNIÓN EUROPEA



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DOS TRAMOS URBANOS DA AVENIDA DE PORTUGAL, RÚA DOUS DE MAIO E AVENIDA DE CELANOVA

- *O Executivo autonómico autoriza o cambio de titularidade dunha parte dos treitos das estradas autonómicas OU-304, OU-301 e OU-531, ao seu paso pola vila ourensá*
- *A transferencia inclúese no convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Administración local para adecuar a rede viaria do municipio a súa realidade funcional, cun investimento autonómico de máis de 2 M€*
- *O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta e proposta da consellería competente en materia de estradas*
- *Coa transferencia, a Administración local será a responsable da conservación destes treitos e poderá actuar de modo acorde coas súas características, e non será xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Xinzo de Limia dunha parte dos tramos urbanos das estradas autonómicas OU-304, OU-301 e OU-531, que percorren o núcleo desta vila ourensá, e que se coñecen, respectivamente, como avenida de Portugal, rúa Dous de Maio e a avenida Celanova.

Esta cambio de titularidade materialízase tras a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Xinzo da Limia para adecuar a configuración da rede viaria da vila á súa realidade funcional, cun investimento autonómico de máis de dous millóns de euros, e que foi aprobado o pasado 31 de outubro polo Goberno galego.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta emitiu informe favorable sobre a transferencia dos tramos urbanos destas tres estradas autonómicas que percorren o núcleo de Xinzo, cuxa titularidade comprometeuse a asumir a Administración local no citado convenio para favorecer a explotación das infraestruturas desde o punto de vista municipal.

Un dos treitos que se transfire está na estrada OU-304, de Xinzo de Limia a Baltar, coñecido coma avenida de Portugal, do punto quilométrico 0+000 ao 0+560. E outro situado na estrada OU-301, a rúa Dous de Maio, entre o punto quilométrico 0 e o 0+730, mantendo dentro da Rede autonómica de estradas a glorieta existente nesta zona.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Ademais, na estrada OU-531, transfírese o tramo que se corresponde coa avenida de Celanova, entre o punto quilométrico 0 e o 0+360, que coincide coa glorieta de intersección coa pista Zepetal. E posponse a transferencia do tramo entre o punto quilométrico 0+360 e 0+750, ata que se execute a mellora da vía municipal que comunica a estrada OU-531 coa N-525.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Coa transferencia, o Concello de Xinzo de Limia será o responsable da súa conservación e mantemento e poderá actuar sobre estas vías de modo acorde coas súas características, e non serán xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

A cesión destes treitos da Rede autonómica de estradas ao municipio ourensán formalizarase mediante sinatura da acta de entrega no prazo dos dous meses seguintes á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## **A XUNTA INCREMENTA EN CASE UN 70% O ORZAMENTO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS E AMPLÍA A SÚA VIXENCIA ATA 2021**

- *En 6 anos destinaranse preto de 200 millóns de euros á mellora de centros de ensino, ampliación e construción doutros novos*
- *A obra nova supón máis de 76 millóns de euros, o que permite dar resposta ás necesidades de escolarización das zonas de maior crecemento demográfico*
- *Só no impulso e equipamento de centros de FP investiranse máis de 26,6 millóns de euros*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional incrementará en case un 70% o orzamento destinado ao Plan de dotación de infraestruturas educativas, que amplía a súa vixencia ao período 2016/21 (un ano máis). Así se reflicte no informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se recolle un orzamento de preto de 200 millóns de euros para obras nestes seis anos, respecto dos 118 millóns previstos inicialmente.

Xa nos tres primeiros anos de desenvolvemento do plan a Consellería de Educación executou un investimento de máis de 93,8 millóns de euros, o que supón un 21% máis do inicialmente estimado.

O desenvolvemento do Plan de infraestruturas educativas ata o ano 2021 prevé a execución de 34 actuacións de obra nova (construción, ampliación e reformas importantes), ás cales se destinarán máis de 45,5 millóns de euros. Nesta epígrafe cómpre salientar a construción de novos centros educativos como un CEIP en Ames, outro en Arteixo e un máis en Vilalonga (Sanxenxo), entre outros. Ademais, continuarase con obras importantes como a renovación do CIFP Carlos Oroza (Pontevedra) e realizaranse ampliacións de grande envergadura no CEIP de Lamas de Abade (Santiago de Compostela), IES Sanxillao (Lugo), IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada), IES Aquis Celenis (Caldas de Reis) e IES de Salvaterra de Miño.

Así mesmo, inclúese unha previsión para a creación dun centro galego de innovación da FP en Ourense, cun investimento de 3,5 millóns de euros. En calquera caso, pendente dos acordos coa Deputación Provincial.

Por outra banda, a Consellería continuará renovando as instalacións dos centros máis antigos para adecualas ás necesidades actuais. Neste sentido, para o período 2019/20 están previstas 16 actuacións de rehabilitación enerxética, o que suporá un investimento de máis de 8,8 millóns de euros. Estas obras consisten na mellora da





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

cuberta, da carpintaría exterior, falsos teitos, renovación de luminarias, illamento de fachada e traballos de pintura e de identidade corporativa.

Segundo as previsións da Consellería, só en 2019 está previsto licitar, adxudicar e executar un total de 30 actuacións, o que suporá un investimento de 33,7 millóns de euros.

**Impacto do plan**

Está previsto que cando remate a execución do plan se teñan realizado actuacións en 116 centros educativos galegos, o 10,6% dos centros públicos, das que se beneficiarán máis de 33.000 alumnos. No referido á distribución territorial, en 2021 teranse realizado obras en centros de ensino de 72 concellos, o 23% do total.

Cómpre salientar o peso da obra nova no conxunto do plan, á cal se destinan máis de 76 millóns de euros do total do orzamento, así como das melloras en centros de formación profesional, de acordo co impulso que o departamento educativo da Xunta de Galicia está a dar a estas ensinanzas. Non en balde, no período 2016-2021 destinaranse máis de 26,6 millóns de euros a obras en centros que imparten ciclos formativos, ademais doutros 7,1 millóns para equipamento adecuado ás necesidades de innovación na FP.

Deste xeito, dáse resposta ás necesidades de incremento de prazas no sistema educativo público galego, especialmente nas zonas de maior crecemento demográfico; así como ao crecemento da matrícula na Formación Profesional.

A execución do Plan de infraestruturas educativas suporá, ademais, un importante impulso da actividade económica: máis do 70% das empresas que se contrataron e contratarán poderían ser pemes con domicilio en Galicia. Isto supón xerar ou manter case 1.200 empregos directos. Ademais, o volume de compra a provedores galegos achégase a 11 millóns de euros.

**Balance do executado**

O desenvolvemento do Plan no período 2016-2018, cun investimento de máis de 93,8 millóns de euros deixa un balance de máis de 30,7 millóns en obra nova executada a través de 15 actuacións entre as cales hai que destacar a construción de dous novos centros (IES de Soutomaior e CEIP de Culleredo), a ampliación doutros 11 e importantes melloras noutros dous. Destas actuacións benefíciáanse xa máis de 10.000 estudantes.

Así mesmo, e no marco do compromiso ambiental da Consellería, destináronse case 14 millóns de euros a obras de eficiencia enerxética, o que supuxo executar o 70% dos fondos Feder destinados a este fin a través de 29 actuacións en centros educativos das



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

catro provincias galegas. Con estas melloras acadouse un aforro enerxético de 6.7 millóns Kwh/ano.

Por outra banda, os investimentos en RAM (reforma, ampliación e mellora) superaron os 39,1 millóns de euros, cos cales se realizaron 1.572 actuacións, a maior parte delas (26,8%) sobre as cubertas dos centros, seguidas de traballos de acondicionamento xeral (14%). Os aproximadamente 10 millóns restantes destináronse a actuacións en mellora funcional, integración e sinalética.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
"Unha maneira de facer Europa"

**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE inviste no teu futuro"

## **A XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DA ATENCIÓN RESIDENCIAL A PRETO DUN CENTO DE PERSOAS DEPENDENTES EN 6 MUNICIPIOS PONTEVEDRESES**

- *Autorízase a renovación de 90 prazas públicas en centros privados da provincia de Pontevedra: 20 no concello de Vilagarcía de Arousa, 19 no de Forcarei, 18 no de Cangas, outras tantas no municipio de Ribadumia, 10 no concello de Vigo e 5 no de Vilaboa*
- *O importe inicial do contrato para este exercicio ascende a 1,2 millóns de euros e ofrece a posibilidade de prorrogalo ata un máximo de 5 anos, polo que o seu valor total ascende a 10 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o contrato para a renovación de 90 prazas públicas de atención á dependencia en centros privados de seis municipios da provincia de Pontevedra, distribuídas do seguinte xeito: 20 no concello de Vilagarcía de Arousa, 19 no de Forcarei, 18 no de Cangas, outras tantas no municipio de Ribadumia, 10 no concello de Vigo e 5 no de Vilaboa. Esta medida garante a continuidade desta prestación e consolida unha atención residencial especializada que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas dependentes.

O importe inicial do contrato, que abarcará inicialmente desde o vindeiro 29 de abril (que é cando vence o actual) ata o 31 de decembro deste ano, é por 1,2 millóns de euros. Ademais, recóllese a posibilidade de prorrogalo ata acadar unha duración máxima de cinco anos, polo que o seu valor total ascende a 10 millóns de euros. Deste xeito, asegúrase unha maior estabilidade tanto económica como organizativa, o que repercutirá de xeito moi positivo na atención das persoas usuarias.

A entidade coa cal se contratará cada un dos seis lotes decidiranse en función dun baremo en que se terán en conta aspectos como o prezo ofertado, a ratio de persoal de atención directa, a estabilidade no emprego, a metodoloxía de intervención coas persoas usuarias ou a presentación dun plan de formación continua para os profesionais do centro.

Cómpre recordar que desde 2009 o número de persoas en situación de dependencia que dispoñen dun servizo de atención se multiplicou por catro, ata superar hoxe as 60.000. Isto supón ter cumprido, en só dous anos, o obxectivo proposto para toda a lexislatura e sitúa a ratio de atención no 88,5%, oito puntos por riba da media nacional.

## O PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA DA XUNTA SUPRIMIU 88 ENTES E AFORROU MÁIS DE 90 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta informou hoxe do estado actual do Plan de racionalización, do cal só quedan por executar oito operacións*
- *Galicia será a primeira Comunidade en completar un proceso global de reestruturación da Administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos*

O Consello da Xunta anunciou hoxe o informe de seguimento dos tres plans de avaliación do Plan de Racionalización da Administración Paralela, como proceso integral que inclúe non só a supresión de organismos innecesarios senón tamén a mellora da eficacia dos que seguen operando, e que a nivel global recolle a baixa de 88 entidades; quedan só 8 procesos pendentes de execución e 637 medidas de eficiencia xa implantadas, o que comporta un aforro para as arcas públicas de preto de 90 millóns de euros.

En canto aos avances acadados respecto do anterior seguimento do Plans son a liquidación de Turgalicia, a extinción de INGACAL e a reconversión na Axencia de Calidade Alimentaria, a baixa por separación da Fundación do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient); un total de 19, recomendacións máis implantadas nas entidades que seguen en funcionamento e máis de 10,2 millóns de aforro con respecto ao aforro rexistrado con ocasión do anterior seguimento.

Nas 64 entidades que continuarán operando, o traballo realizado polos auditores nos últimos meses valeu para incluír ata 637 recomendacións de mellora, facendo un total de 800. Estas recomendacións inciden en ámbitos coma o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

### **Plan de racionalización**

En canto se complete a execución desta terceira fase, Galicia converterase na primeira comunidade autónoma de España en completar un proceso global de reestruturación da súa Administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Ao final deste 'macroproceso' -que comprende os tres plans de racionalización activados e algunhas operacións puntuais de axuste realizadas fóra deles- a Xunta terá suprimido 96 organismos en total e outros 64 terán sido optimizados despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Ademais, a Xunta comprometeuse a facer do proceso de racionalización unha garantía de permanencia e mellora continua, e por iso a propia Lei de racionalización do sector público autonómico, aprobada recentemente, incorpora a obriga de realizar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da Administración xeral como da instrumental.

O obxectivo destas accións é o mesmo que leva guiando a actuación do Goberno galego desde o ano 2009: evitar duplicidades, gañar en eficacia e transparencia, adelgazar a Administración, e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías das cales dependen, e a un menor custo.



## O PROGRAMA GALICIA INVISTE APOIARÁ 140 NOVAS PEMES PARA QUE DESENVOLVAN PROXECTOS QUE SUMAN PRETO DE 40M€

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria cobre con estas axudas ata o 30% do investimento, o que contribúe tanto á creación como ao mantemento de postos de traballo nas pequenas e medianas empresas*
- *Ademais de consolidar os apoios específicos a investimentos realizados nos concellos emprendedores, a actual convocatoria incorpora o reforzo ás iniciativas innovadoras e incentiva a contratación das persoas con discapacidade*
- *O Goberno galego impulsa con esta actuación o desenvolvemento de proxectos en ámbitos como a industria manufactureira, a loxística ou o sector TIC, con investimentos subvencionables comprendidos entre 50.000 euros e dous millóns*
- *As compañías poderán dedicar con estas axudas a obra civil, maquinaria e bens de equipo para a creación de novos establecementos ou para a ampliación, modernización ou diversificación dos establecementos existentes*
- *A Xunta aprobou ata o de agora, a través do Galicia Investe e dos Incentivos Rexionais que xestiona o Igape, 170 proxectos que dan emprego a preto de 2.500 persoas*

A Xunta, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, apoiará con 9M€ a nova convocatoria do programa Galicia Investe, que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e que mobilizará preto de 40 millóns de euros en 140 novos proxectos empresariais.

Ao abeiro deste programa do Igape, Galicia impulsa a competitividade das pequenas e medianas empresas da Comunidade, así como ratifica o seu compromiso co tecido empresarial galego á hora de facilitarlle o acceso ao financiamento que precisa para a realización de investimentos, o que contribúe á xeración e ao mantemento de postos de traballo.

Galicia Investe diríxese a iniciativas de pemes que contén con plans empresariais que oscilen entre os 50.000 euros e os 2M€, e os apoios recibidos poden chegar a cubrir ata o 30% do investimento subvencionable no caso das pequenas empresas e ata o 20% no caso das medianas.

O incentivo á contratación das persoas con discapacidade é unhas das novidades que introduce esta nova convocatoria do programa, que fomenta o mantemento e a creación de emprego en xeral, e outorga o dobre de puntuación para acceder ás axudas a aquelas empresas que contraten persoas con capacidades diferentes. Ademais deste criterio para a concesión, o Galicia Investe presta especial atención ao tamaño das empresas.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta**

Neste sentido, nesta edición destaca tamén a aposta pola innovación, que introduce como novidade que son subvencionables aqueles proxectos de calquera sector que obteñan un informe de Axencia Galega de Innovación (Gain) que os acredite como innovadores. Cómpre resaltar que o Galicia Investe deste ano permitirá por primeira vez a adquisición de edificacións e construcións de segundo uso.

Os beneficiarios desta actuación son as compañías que desenvolvan proxectos novos ou de ampliación dos existentes nos sectores das industrias extractiva e manufactureira; de xestión e valorización de residuos; reparación de vehículos; loxística; hostalaría; sector TIC e servizos técnicos.

Os investimentos que se apoian poden estar relacionados coa obra civil, a adquisición de maquinaria e de bens de equipo para a creación de novos establecementos ou para a modernización e diversificación dos existentes. Deste xeito, o programa Galicia Investe coincide cos obxectivos fixados na Lei de implantación empresarial para facer de Galicia o lugar idóneo onde o tecido industrial pode poñer en marcha novos proxectos. Ademais, no caso de que as iniciativas empresariais se implanten nos Concellos Emprendedores, tamén se apoiarán os investimentos nos terreos ata o límite do 10% do gasto total subvencionable.

A Administración autonómica, a través do Galicia Investe -á espera da resolución da última convocatoria- e dos incentivos rexionais, que xestiona o Igape, aprobou desde 2016 ata o de agora 170 proxectos que dan emprego a preto de 2.500 persoas, achegando axudas que superaron os 50 millóns de euros e que facilitaron investimentos de preto de 500 millóns de euros.

**A NOVA ESTRATEXIA DE TURISMO ENOGASTRONÓMICO 'GALICIA SABE' COMBINARÁ A POSTA EN VALOR DA TRADICIÓN E VANGARDA CULINARIA GALEGA CO IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PRIMARIO**

- *O documento marcará a folia de ruta para promover o recoñecemento, a protección e a difusión local, nacional e internacional da cultura gastronómica e a enoloxía*
- *É un proceso transversal e dinámico no cal se integran todos os axentes e que implica diferentes departamentos do Goberno galego e do sector privado*

O Consello da Xunta deu conta hoxe dos avances na Estratexia *Galicia Sabe*, un plan que marcará a nova folia de ruta transversal e dinámica do turismo enogastronómico que pretende converterse nunha guía para promover o recoñecemento, a protección e a difusión local, nacional e internacional da cultura enogastronómica de Galicia. Trátase dun documento no cal se recollen as principais liñas de actuación e as prioridades para promover un turismo enogastronómico sustentable e baseado nos produtos autóctonos e de tempada, no valor das persoas e na paisaxe.

Estruturado en cinco liñas de acción e dez retos estratéxicos para desenvolver nos vindeiros catro anos, *Galicia Sabe* integra todos os axentes que participan na cadea de valor da cultura gastronómica de Galicia e facilita a aproximación do sector alimentario e do turismo a través do crecente protagonismo da gastronomía e da enoloxía nas motivacións para visitar Galicia. Para iso, combinarase a posta en valor da tradición e vangarda culinaria galega co impulso da competitividade do sector primario.

Coa posta en marcha desta estratexia, na cal a Xunta está a traballar activamente, lograse impulsar un modelo de desenvolvemento sustentable e responsable, baseado na historia e a identidade cultural, a importancia do sector da alimentación e o viño, o coñecemento, a innovación, o capital humano e a creatividade; compatible co equilibrio territorial, o mantemento da vida no medio rural e no mar, e tamén coa mellora da calidade de vida da cidadanía.

**Implicación de todo o Goberno autonómico**

*Galicia Sabe* implica diferentes departamentos da Xunta de Galicia e o sector privado. Trátase do recoñecemento e a protección da cultura enogastronómica de Galicia; o impulso do coñecemento, da formación e o I+D+i, o impulso de produtos e liñas de traballo de turismo enogastronómico de Galicia, a renovación do mercadotecnia e comunicación e do modelo de gobernanza. Con esta folia de ruta preténdese aumentar a participación da poboación en Galicia en experiencias e viaxes de turismo enogastronómico, conseguir unha maior diversificación nos produtos para chegar ao mercado nacional e darlles, así mesmo, prioridade a países como Reino Unido, Alemaña, Francia, Italia e os Estados Unidos.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Cómpre destacar tamén que os principais retos en que afondará este instrumento son o impulso e o recoñecemento da enogastronomía como un elemento clave da identidade cultural de Galicia; a promoción dunha proposta de turismo enogastronómico sustentable de Galicia baseada en produtos locais de proximidade e de tempada, no valor das persoas e a paisaxe ou dos diferentes territorios de Galicia, e o recoñecemento das boas prácticas. Pretende tamén articular un conxunto de programas orientados á mellora da competitividade, á innovación e á creación de produtos e a aumentar a rendibilidade do turismo enogastronómico de Galicia para reequilibrar o desenvolvemento territorial aproveitando os recursos da produción alimentaria do interior da Comunidade autónoma. Cómpre destacar, igualmente, tamén a necesidade de construír un relato co obxectivo de renovar estratexias de mercadotecnia e comunicación e situar a Galicia como destino enogastronómico de referencia nos mercados nacionais e internacionais. Tamén incentivar entre o público galego a aposta pola calidade e variedade do turismo enogastronómico e propoñer un modelo de gobernanza para aliñar os distintos obxectivos estratéxicos e, finalmente, desenvolver e dinamizar territorios vitivinícolas.

### **Proceso de elaboración**

A elaboración da estratexia *Galicia Sabe* baséase nunha análise da oferta e do sistema de innovación do turismo enogastronómico de Galicia, nun estudo de fontes secundarias e na elaboración do mapa de valor que se compón dunha base de datos de recursos de turismo enogastronómico e un atlas enogastronómico de Galicia.

Esta investigación pon de manifesto que a gastronomía é a segunda motivación dos turistas que viaxan á nosa Comunidade. Deste xeito, o turismo gastronómico sitúase en cuarto lugar na lista das actividades realizadas polos turistas, e a gastronomía é xa o segundo elemento mellor valorado na experiencia dos que visitan Galicia. O análise do panorama actual tamén revela que Galicia ten unha grande oportunidade de converterse nun destino líder se reposiciona a súa gastronomía tradicional baseada nun abundante, variado e diverso produto de altísima calidade local. Con todo, o estudo tamén revela que nos mercados internacionais existe certo descoñecemento de Galicia como destino neste eido, pero tamén que o Camiño de Santiago pode ser un grande atractivo para o desenvolvemento da enogastronomía de calidade na Ruta Xacobeá.

## **A XUNTA FOMENTARÁ A PLANTACIÓN DE 4.000 HECTÁREAS DE FRONDOSAS E CONÍFERAS CUNHA ACHEGA DE SETE MILLÓNS DE EUROS**

- *A través destas subvencións da Consellería do Medio Rural, coas que se espera chegar aos 200 beneficiarios, forestaranse novos terreos con piñeiros, carballos, castiñeiros e nogueiras, entre outras especies*
- *Nos tres últimos anos plantáronse preto de 8.000 hectáreas de terreo con estas especies e accederon a estas axudas case 400 beneficiarios en toda Galicia*

A Xunta destina un total de sete millóns de euros na convocatoria de 2019 ás axudas para a creación de superficies forestais. Con estes fondos espérase chegar aos 200 beneficiarios e plantar frondosas e coníferas, tales como piñeiros, carballos, castiñeiros e nogueiras, nunha superficie de 4.000 hectáreas.

O Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria destas axudas e fixo balance do investido nesta materia nos tres últimos anos. Así, nos tres últimos exercicios subvencionouse a plantación de coníferas e frondosas en preto de 8.000 hectáreas de terreo. En total, nese período, as distintas convocatorias dotáronse con ata 19,2 millóns de euros. Os beneficiarios que recibiron axuda para esta finalidade foron 392.

Así, a orde deste ano, que sairá publicada en vindeiras datas no *Diario Oficial de Galicia*, conta cun orzamento de sete millóns de euros para dúas anualidades, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Os beneficiarios destas axudas son as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual e as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia. Tamén poderán optar a elas as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

No que respecta ás actuacións subvencionables, inclúense os gastos de plantación forestal e da área de defensa contra os incendios forestais, é dicir, o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, a adquisición de planta, así como os gastos da plantación propiamente dita. Así mesmo, tamén son susceptibles de subvención as infraestruturas de acompañamento e as obras complementarias.

## OS TRIPULANTES DE BUQUES PESQUEIROS GALEGOS PODERÁN ACCEDER A UNHA AXUDA DE ATA 75.000 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DA SÚA PRIMEIRA EMBARCACIÓN

- *A Consellería do Mar busca favorecer a remuda xeracional no sector e que mariñeiros con experiencia se incorporen á actividade como armadores*
- *As achegas diríxense a profesionais de menos de 40 anos para a compra dun barco pertencente a un segmento de frota que estea en equilibrio respecto da capacidade pesqueira e dos recursos pesqueiros dispoñibles*
- *A estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), a Xunta destina 400.000 euros*
- *As persoas interesadas en cursar as solicitudes no marco da convocatoria de axudas de 2019 poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o Diario Oficial de Galicia nos próximos días*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2019 de axudas a tripulantes de buques pesqueiros galegos para investimentos que fomenten a pesca sustentable e que ten como obxectivo impulsar que estes mariñeiros adquiren a súa primeira embarcación e inicien a actividade como empresarios. A estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), a Xunta destina 400.000 euros. O investimento máximo subvencionable será o do prezo de adquisición do buque e a axuda será o 25% do dito custo, sen que en ningún caso esta sexa superior a 75.000 euros.

Con esta medida a Xunta pretende favorecer a remuda xeracional no sector e a incorporación á actividade como armadores de mariñeiros con experiencia. Así, poderán beneficiarse destas subvencións os tripulantes de buques pesqueiros con porto base en Galicia que teñan menos de 40 anos no momento de presentar a solicitude.

O informe sinala que son obxecto destas achegas os investimentos para a adquisición dun buque pesqueiro pertencente a un segmento de frota que estea en equilibrio respecto da capacidade pesqueira e os recursos pesqueiros dispoñibles. É dicir, aqueles nos cales o número de embarcacións está axustado ás existencias das especies pesqueiras que capturan, polo que non pode haber sobreexplotación, un requisito indispensable imposto pola Unión Europea. Os interesados tamén deben estar dados de alta no réxime dos traballadores do mar e ter traballado polo menos cinco anos como pescadores ou ter a titulación profesional exixida segundo o tipo de embarcación que adquiren.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Ademais, o buque que se compre ten que estar operativo e inscrito no Censo de frota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia, ter unha eslora total inferior aos 24 metros, ter entre 5 e 30 anos de antigüidade e estar equipado para a pesca mariña.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Esta liña de axudas enmárcase no Fondo Europeo e Marítimo de Pesca (FEMP), que financia proxectos de aplicación da nova política pesqueira común (PPC) e presta apoio financeiro aos pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"